

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA PARA A CAMPAÑA DE VIXILANCIA DA SAÚDE 2023 NO ÁMBITO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Para cumprir o que está disposto no artigo 22 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, a UDC convoca a vixilancia periódica da saúde en función dos riscos inherentes ao traballo do seu persoal.

A inscrición nesta campaña é de carácter voluntario e realizarase a través do formulario publicado na páxina web do Servizo de Prevención da UDC.

O prazo de inscrición comezará ao día seguinte da publicación desta instrución no taboleiro electrónico da UDC e **rematará o mércores, 15/02/2023, ás 14.00 h.**

De non se inscribir neste período implicará que o/a traballador/a renuncia ao recoñecemento médico deste ano.

Este prazo non contará para o persoal de novo acceso ou aquel persoal que se incorpore ao posto de traballo logo dunha ausencia prolongada por motivos de saúde, que se poderá inscribir por medio dun formulario específico, logo de avisar o Servizo de Prevención, no momento en que se produza a súa (re)incorporación.

IMPORTANTE: Este ano o persoal do campus da Coruña, realizará o recoñecemento médico nas dependencias médicas da UDC, no Edificio de Servizos Centrais de Investigación.

Os procesos de citación levaranse a cabo desde mediados de marzo ata mediados de outubro, dependendo do centro de traballo de acordo coa a seguinte táboa:

CENTROS	PERÍODO APROXIMADO DE ATENCIÓN SANITARIA
Campus da Coruña - Reitoría e Club Universitario.	Meses de marzo e abril
Campus da Coruña - Riazor	Mes de abril
Campus da Coruña - Oza	Mes de abril
Campus da Coruña - Elviña	Meses de abril, maio, xuño e xullo
Campus da Coruña - A Zapateira	Meses de xullo, setembro e outubro
Campus da Coruña - Bastiagueiro	Mes de outubro
Campus de Ferrol	Meses de marzo, abril, maio, xuño, xullo, setembro, outubro e novembro

O acceso aos resultados da vixilancia da saúde será remitido ao correo electrónico institucional de cada traballador/a por **Quirón Prevención**.

O xerente,

Ramón del Valle López

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR PERSOAL CONTRATADO CON CARGO A CONVENIOS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

Código Seguro De Verificación	1jvr6U/DynLbNqqFaxp3dQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	10/01/2023 14:04:42
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1jvr6U/DynLbNqqFaxp3dQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

